

Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### ESTRADA, A

#### Subvencións e axudas

*BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A AGRUPACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS DO CONCELLO DA ESTRADA PARA A TEMPADA 2023/2024*

*BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A AGRUPACIÓNS E CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO E DEPORTISTAS FEDERADOS DO CONCELLO DA ESTRADA PARA A TEMPADA 2023/2024*

O Excmo. Concello da Estrada, como cada ano, adquire un importante compromiso cos deportistas e clubs do Concello, consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas facetas, dándolle verdadeira importancia o traballo por parte dos clubs á formación de novos deportistas e ó deporte de base.

Para cumprimentar as solicitudes, poden solicitar axuda no departamento de Deportes do Concello da Estrada, estas axudas que se rexerán polas seguintes:

#### BASES

##### 1.— OBXECTO DA CONVOCATORIA:

As presentes bases teñen por finalidade regular a concesión de subvencións destinadas ós clubs e asociacións deportivas e ós deportistas federados do Concello da Estrada para a participación e promoción deportiva da tempada 2023/2024, en base ó disposto en:

- Artigo 25.2.l) da Lei 7/85 Reguladora das bases de Réxime Local.
- Artigos 23 e seguintes do Decreto de 17 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Son obxectivos perseguidos polas axudas reguladas nestas bases a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello da Estrada tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

##### 2.— DOTACIÓN ORZAMENTARIA:

O importe total que se dispón para o outorgamento das subvención a conceder será de 108.000 Euros, dos que un máximo de 4.000€ se destinarán as solicitudes formuladas por deportistas federados/as, con cargo a partida orzamentaria 340.489.00.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

### 3.— *BENEFICIARIOS/AS:*

Poderán solicitar estas axudas:

3.1.— Clubs deportivos sen ánimo de lucro e asociacións deportivas do Concello da Estrada que estean legalmente constituídos e que veñan desenvolvendo unha labor de promoción deportiva e de interese para a sociedade dentro do Concello da Estrada. Os cales deberán cumprir en todo caso os seguintes requisitos:

3.1.1.— Ter o domicilio social no Concello da Estrada e levar a cabo a súa actividade dentro do mesmo.

3.1.2.— Estar debidamente federados e inscritos no Rexistro oficial correspondente.

3.1.3.— As competicións nas que participen deben de estar reguladas e incluídas dentro do calendario oficial aprobado pola federación correspondente.

3.1.4.— Estar o corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como nas obrigas coa Seguridade Social e co Excmo Concello da Estrada.

Quedan excluídas as asociacións ou entidades que asinen convenios específicos para percibir subvencións nominativas ou directas deste Concello

3.2.— Deportistas individuais federados empadroados no Concello da Estrada con anterioridade á aprobación destas bases, cumprindo ademáis:

3.2.1.— Participar como mínimo en 3 campionatos de carácter oficial de ámbito autonómico ou superior incluídos nos calendarios das respectivas federacións, xa sexa a nivel individual ou a nivel de club ou selección e organizados pola federación deportiva correspondente.

3.2.2.— Estar o corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como nas obrigas coa Seguridade Social e co Excmo Concello da Estrada.

### 4.— *PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:*

As solicitudes presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de 20 días naturais, contados dende o día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

A convocatoria de subvencións farase pública no taboleiro de anuncios do Concello, na prensa local e na páxina web do Concello da Estrada.

### 5.— *DOCUMENTACIÓN:*

Cada club ou deportista individual só poderá formular unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta.

5.1.— Entidades:



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

5.1.1.— Modelo de solicitude (Anexo I-clubs) debidamente cumprimentado e asinado polo/a representante do club, sendo obrigatorio cubrir todos os apartados. Este modelo facilitarase no Rexistro Xeral do Concello e na paxina web do concello da Estrada.

5.1.2.— Copia cotexada do CIF.

5.1.3.— Certificación da Federación Galega ou nacional correspondente na que se especifique:

5.1.3.1.— A participación dos equipos en competición na tempada 2023/2024.

5.1.3.2.— O número de equipos participantes por categoría do club, nivel da competición e sexo.

5.1.3.3.— O número de licenzas por categoría e sexo que participan en competición na tempada 2023/2024. Listado nominal.

5.1.3.4.— Os clubs que non participen en competición regular, deberán presentar certificado federativo, onde se fagan constar as probas cas datas correspondentes nas que participou.

5.1.4.— Certificación da Federación Galega ou nacional correspondente na que se especifique o listado nominal dos adestradores do club de referencia na tempada 2023/2024 ou copia cotexada dos títulos dos ditos adestradores.

5.1.5.— Memoria da actividade deportiva da tempada de referencia, onde se contemplan as actividades realizadas a maiores da competición regular e un dossier gráfico que acredite o uso da lingua galega, (cartelería de eventos e/ou actividades, redes sociais, páxina web,...)

Excepcionalmente, aquelas entidades ou clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán presentar o certificado da federación, correspondente ó ano 2023.

5.2.— Deportistas a título individual:

5.2.1.— Modelo de solicitude (Anexo I-deportistas individuais) debidamente cumprimentado e asinado polo/a deportista, sendo obrigatorio cubrir todos os apartados. Este modelo facilitarase no Rexistro Xeral do Concello e na paxina web do Concello da Estrada.

5.2.2.— Copia cotexada da licenza federativa en vigor.

5.2.3.— Copia cotexada do DNI.

5.2.4.— Certificado federativo onde se faga constar a participación e os resultados do deportista nas diferentes competicións, campionatos ou eventos na tempada 2023/2024.

5.2.5.— Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano da solicitude, no que se incluírá:

- Data, lugar, número e duración das competicións.
- Nivel da competición (autonómica, nacional, internacional, ...)
- Orzamento de gastos e ingresos estimados para a tempada de referencia.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

- Dossier gráfico que acredite o uso da lingua galega, (participación en eventos e/ou actividades, redes sociais, páxina web,...)

### 5.3.— DOCUMENTOS COMÚNS A TODAS AS SOLICITUDES:

5.3.1.— Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

5.3.2.— Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

5.3.3.— Declaración de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a contía das mesmas e declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 (Anexo II).

### 6.— CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS:

As subvencións reguladas nas presentes Bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva, polo que as solicitudes que cumpran os requisitos serán avaliadas consonte aos criterios que de seguido se sinalan:

#### 6.1.— Clubs e asociación deportivas:

Criterios:

A) Competición regular do equipo representativo do club na tempada 2023/2024, segundo certificado federativo:

- Nivel nacional dependente da federación nacional da modalidade: 40 puntos.
- Nivel autonómico dependente da federación autonómica da modalidade: 20 puntos.
- Nivel provincial dependente da federación autonómica da modalidade: 5 puntos.
- Nivel comarcal dependente da federación autonómica da modalidade: 2 puntos.

B) Participación do club en campionatos de carácter oficial da modalidade ou competicións puntuais non regulares, segundo certificado federativo.

- A nivel nacional:
  - Participación en ata 2 campionatos: 5 puntos
  - Participación entre 3 e 5 campionatos: 10 puntos.
  - Participación en máis de 6 campionatos: 15 puntos.
- A nivel internacional:
  - Participación en ata 2 campionatos: 10 puntos
  - Participación entre 3 e 5 campionatos: 15 puntos.
  - Participación en máis de 6 campionatos: 20 puntos.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

C) Número de licenzas federativas, segundo certificado federativo da federación correspondente. Listado nominal.

- Cada licenza federativa base (menores de 18 anos): 1,5 puntos.
- Cada licenza federativa senior: 1 punto.
- Cada licenza federativa veteráns: 0,2 puntos.

D) Nivel de formación dos técnicos encargados da formación dos equipos das distintas categorías.

- Licenciado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte: 10 puntos.
- Diplomado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte: 8 puntos.
- Adestrador/a nacional ou superior (nivel I) da modalidade ou Técnico Superior En Actividades Deportivas (TAFAD): 6 puntos.
- Adestrador/a rexional (nivel II): 4 puntos.
- Monitor deportivo ou adestrador nivel básico: 2 puntos.

Este apartado terá unha puntuación máxima de 100 puntos. Un mesmo título de adestrador non se poderá presentar por dous clubs diferentes.

E) Participación do/s técnico/s do club nos corpos técnicos das seleccións federativas no tempada 2023/2024, segundo certificado federativo da federación correspondente.

- Adestrador principal en selección autonómica: 20 puntos.
- Adestrador auxiliar en selección autonómica: 10 puntos.
- Membro corpo técnico selección autonómica: 5 puntos.

F) Colaboración cas federacións deportivas autonómicas para a realización de actividades nas instalacións deportivas municipais do Concello da Estrada, segundo certificado federativo:

- Eventos/torneos de seleccións autonómicas ou nacionais: 15 puntos
- Concentracións de seleccións autonómicas: 10 puntos
- Adestramentos de seleccións autonómicas: 5 puntos

G) Organización e/ou colaboración co Excmo Concello da Estrada, na realización de eventos, torneos e actividades que se realicen como promoción do deporte. Acreditación con cartelería e dossier fotográfico:

- Cada evento/torneo/actividade a nivel nacional: 15 puntos.
- Cada evento/torneo/actividade a nivel autonómico: 10 puntos.
- Cada evento/torneo/actividade a nivel local/comarcal: 5 puntos.

H) Número de licenzas federativas menores de 18 anos segundo certificado federativo, de participantes en competicións de categorías base.

- Máis de 41 licenzas: 20 puntos.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

- Entre 21 e 40 licenzas: 10 puntos.
- Ata 20 licenzas: 5 puntos.

I) Número de licenzas federativas femininas segundo certificado federativo.

- Máis de 41 licenzas: 20 puntos.
- Entre 21 e 40 licenzas: 10 puntos.
- Ata 20 licenzas: 5 puntos.

J) Promoción da lingua galega

Valorarase o uso da lingua galega na difusión (cartelería, paxina web, redes sociais, ...), na formación dos membros da entidade e no desenvolvemento de actividades, actos ou eventos da entidade. Para isto achegarase dossier gráfico que acredite o uso da lingua galega:

- Acreditación da realización de evento/torneo/actividade relacionado en exclusiva ca promoción da lingua galega: 10 puntos
- Acreditación da difusión da cartelería en galego e a utilización do galego en redes sociais e/ou páxina web: 4 puntos
- Acreditación da difusión en redes sociais e/ou páxina web en Galego: 2 puntos.

6.2.— Deportistas a título individual:

Os deportistas federados empadroados no Concello da Estrada, que se encontren federados na modalidade deportiva correspondente e nun club con domicilio social no Concello da Estrada, que xa solicitara a subvención no apartado destinado os clubs, non poderán compatibilizala ca axuda destinada os deportistas individuais.

Criterios:

A) Nivel de competición federada no que participa o/a deportista regularmente:

- Nivel internacional: 20 puntos.
- Nivel nacional: 10 puntos.
- Nivel autonómico: 5 puntos.

B) Número de probas de carácter oficial nas que participa o deportista de forma puntual ou non regularmente durante a tempada segundo certificado federativo:

- Máis de 2 probas federadas de ámbito internacional: 14 puntos.
- 10 ou máis probas federadas de ámbito nacional: 10 puntos.
- Entre 5 e 9 probas federadas de ámbito nacional: 8 puntos.
- Menos de 5 probas federadas de ámbito nacional: 6 puntos.
- Máis de 2 probas federadas de ámbito autonómico: 4 puntos.

C) Convocatorias con seleccións autonómicas ou nacionais:

- Cada convocatoria con selección nacional: 10 puntos



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

- Cada convocatoria con selección autonómica: 6 puntos

D) Resultados obtidos en competición oficial, segundo certificado federativo:

- Campionato de Europa da modalidade:
  - Posto do 1º a 3º: 25 puntos.
  - Posto do 4º a 8º: 22 puntos.
  - Participación: 18 puntos.
- Campionato de España da modalidade:
  - Posto do 1º a 3º: 16 puntos.
  - Posto do 4º a 8º: 12 puntos.
  - Participación: 8 puntos.
- Campionato Galego da modalidade:
  - Posto do 1º a 3º: 6 puntos.
  - Posto do 4º a 8º: 4 puntos.
  - Participación: 2 puntos.

E) Categoría de competición:

- Sénior: 4 puntos.
- Previa a sénior: 5 puntos.
- Anterior á previa a senior: 7 puntos.
- Resto de categorías: 2 puntos.

F) Promoción da lingua galega:

Valorarase o uso da lingua galega na difusión de xeito habitual das participacións e resultados do/a deportista (paxina web, redes sociais, ...): 2 puntos

#### 7.— *IMPORTES MÁXIMOS DAS SUBVENCÍONS:*

- a) Clubs en Categoría Internacional (25.000€).
- b) Clubs en Categoría Estatal (20.000€).
- c) Clubs en Categoría Autonómica (18.000€).
- d) Clubs en Categoría Provincial (14.000€).
- e) Clubs en Categoría Comarcal (3.000€).
- f) Deportistas a nivel individual (1.500€).

#### 8.— *ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:*

As solicitudes dirixiranse ó Departamento de Deportes no 4º andar do Concello da Estrada; nos prazos indicados no punto 4º das presentes Bases.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será o departamento de Deportes.

O órgano instructor do procedemento será o encargado de requirir aos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Así mesmo, requirirá á Tesourería Municipal certificado de que os clubs e deportistas solicitantes estean ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello da Estrada. Elaborarase un informe de cada unha das solicitudes presentadas nas que se farán constar:

- a) Nome da entidade, disciplina deportiva e modalidade da subvención e/ou contía máxima á que opta
- b) Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- c) Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída por persoal técnico do Excmo. Concello da Estrada.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

#### 9.— PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

O extracto da convocatoria desta subvención publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a súa publicación.

A resolución das subvencións notificaranse individualmente e publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello, indicando a puntuación obtida por cada solicitude, o importe subvencionado e/ou os motivos da denegación.

#### 10.— OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

Os clubs deportivos e os deportistas individuais subvencionados ao abeiro destas bases quedarán obrigados:

- a) Colaborar co Excmo. Concello da Estrada naqueles programas deportivas que organice cando lle sexa requirido, para os efectos de promoción deportiva
- b) Participar en eventos deportivos con fins benéficos e/ou promocións organizadas e/ou participadas pola Concellería de Deportes e Participación Cidadá do Excmo. Concello da Estrada





Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

- c) Farán constar o patrocinio do departamento de deportes e do Concello da Estrada, na súa publicidade, cartelería e/ou redes sociais para eventos/actividades puntuais ou de competición regular, cos logos oficiais do Concello da Estrada ou do departamento de deportes (AEstradaDeporte), así como na equipación de xogo da temporada en curso. Débese de acreditar a presenza deste patrocinio, mediante imaxes na fase de xustificación.
- d) Dar publicidade da recepción destas axudas, a través das canles de comunicación dos clubs e deportistas.
- e) Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente, e se o Concello o considera pertinente, o beneficiario deberá de acreditar o cumprimento mediante informe ou certificado médico.
- f) Cumprir en todo momento, as regras e valores do “Xogo Limpo”, publicados polo Consello Superior de Deportes.
- g) Achegar informe do desenvolvemento da súa actividade deportiva sempre e cando lle sexa requerido polo departamento municipal de deportes.
- h) A percepción destas axudas atópase suxeita á Lei do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, sen que se atope en suposto de exención.

#### 11.— XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES E PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS:

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O técnico do servizo de deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Vista a documentación xustificativa, o órgano instructor procederá a valorar se coa xustificación presentada por cada beneficiario, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente de ser favorable a valoración das xustificacións, a Comisión de valoración emitirá un informe e o Concelleiro de Deportes elaborará a proposta de pagamento, que se fiscalizará pola Intervención Municipal.

Para o abono de ata o 100% do importe das subvencións económicas concedidas, será imprescindible acreditar polos perceptores/as a aplicación efectiva dos fondos percibidos con destino á finalidade que motivou a concesión mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cumprimentada:

- a) Facturas relacionadas co gasto corrente da actividade subvencionada e por un importe superior á suma das subvencións concedidas co mesmo obxecto. So se admitirán facturas comprendidas entre o período do 1 de xullo de 2023 e 30 de xuño de 2024, tendo que ser orixinais ou fotocopias cotexadas emitidas con posterioridade a realización dos gastos (adquisición de subministros, prestación de servizos, ...) e nas que ademais de reunir todos os requisitos legais, deberán figurar en detalle todos os conceptos incluídos na



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

mesma, e a constancia expresa de “Cobrada, asinada e indicando o nome, apelidos e o DNI”, pola persoa representante da empresa, que recibe o pagamento ou mediante xustificante da transferencia bancaria.

Excepcionalmente, aquelas entidades ou clubs de modalidades deportivas que se desenvolvan durante o ano natural deberán de presentar facturas, correspondentes ó ano 2023, ou no caso de que xa as presentaran na xustificación do ano anterior nesta administración, poderán presentar facturas comprendidas entre o período do 1 de xullo de 2023 e 30 de xuño de 2024.

Serán gastos subvencionables:

- As licenzas federativas así como seguros deportivos e outros seguros contratados aboados. (Certificado federativo ou factura).
- As inscricións en competicións oficiais aboadas e outros gastos propios do calendario que asumirá o club por normativa de competición. (Certificado federativo ou factura).
- Os gastos de arbitaxes. (Certificado federativo ou factura).
- Os gastos de adestradores/as e gastos derivados da contratación de persoal así como os correspondentes seguros sociais (TC1 e TC2).
- Se o club dispón de vehículo propio poderanse incluír os gastos do seguro do mesmo e os gastos da Inspección Técnica do Vehículos, así como os gastos das peaxes asociados a un evento deportivo certificado pola federación correspondente.
- Segundo a Orde HFP/793/2023 do 1 de setembro do “Ministerio de Hacienda y Función Pública” a quilometraxe queda establecida en 0,26 euros/qm, debendo entenderse incluída nesa contía o gasto por combustible, sempre que se atope asociado a un evento deportivo certificado pola federación correspondente. Os gastos desta partida non poderán superar, no seu conxunto, o 10% do importe total subvencionado do proxecto.
- Os gastos de manutención e aloxamento para asistir ao calendario de competicións, asociados a un evento deportivo certificado pola federación correspondente.
- Os gastos de material deportivo non inventariable. Equipamento deportivo, entendendo como tal exclusivamente o vestiario ou outro material funxible específico para cada deporte (balóns, equipacións de xogo/adestramento, redes, conos ,valos,etc)
- Os gastos en produtos básicos de farmacia/botiquín.
- Os gastos en asistencia sanitaria (gastos en asistencia médica ou de rehabilitación)
- Os gastos en asistencia sanitaria en competicións deportivas do club (ambulancias, gastos médicos ou de enfermería)

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos administrativos da xestión do club.
- Os gastos de aparcamento asociados o/s vehículo/s do club.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

- Os gastos que traian causa de desprazamento e/ou dieta dos membros das xuntas directivas dos clubs.
- Aqueles gastos que non se atopen incluídos no apartado de gastos subvencionables.

Non se subvencionarán, en ningún caso, aquelas actividades e/ou competicións para as que os solicitantes xa foran beneficiarios dalgunha outra axuda ou achega económica por parte do Excmo. Concello da Estrada.

Exclúense, en todo caso, os gastos en investimentos ou restantes de capital.

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagos con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.

b) Declaración responsable e indicación expresa de que se realizou o fin para o que a subvención foi concedida, así como a declaración doutras axudas e/ou subvencións concedidas con expresión, no seu caso de que o conxunto das axudas percibidas non superaron o gasto realizado (Anexo III e anexo IV.1).

c) Memoria cuantificada das actividades realizadas e ingresos obtidos, onde os gastos deben de coincidir cos ingresos.(Anexo IV.2).

d) Memoria acreditativa con imaxes do patrocinio do departamento de deportes e do Concello da Estrada, na súa publicidade, cartelería e/ou redes sociais para eventos/ actividades puntuais ou de competición regular, cos logos oficiais do Concello da Estrada ou do departamento de deportes (AEstradaDeporte), así como na equipación de xogo da temporada en curso.

e) As actividades subvencionadas terán que realizarse na tempada obxecto da presente convocatoria.

f) Dende a recepción do traslado do importe concedido, os beneficiarios terán un prazo de 10 días hábiles para presentar a xustificación do mesmo. De todos os xeitos, as subvencións xustificaranse antes do 1 de decembro do 2024. Excepcionalmente e previa solicitude motivada de prórroga poderá presentarse xustificación ata o 10 de decembro do 2024. No caso de non xustificarse no prazo anteriormente mencionado, procederase á revogación da mesma.

O pagamento realizarase unha vez que os e as beneficiarias xustifiquen os gastos ocasionados na execución das actividades subvencionadas, sempre dentro do prazo sinalado no punto e).

## 12.— CONTROL DA APLICACIÓN DO GASTO:

A Delegación de Deportes do Concello poderá solicitar en calquera momento as explicacións e documentos que considere necesarios para o oportuno seguimento das actividades subvencionadas.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

*13.— RÉXIME SANCIONADOR:*

Sen prexuízo do disposto na normativa xeral e nas Bases de Execución do Orzamento Municipal en materia de subvencións, os perceptores destas subvencións veranse na obriga de devolver as cantidades percibidas para o suposto de que incumpran algunha das condicións das bases recollidas na presente normativa.

*14.— RÉXIME XURÍDICO:*

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

O que se fai público os efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

O Alcalde.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

## ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE (Club)

### 1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN:


ENTIDADE SOLICITANTE:	
DOMICILIO SOCIAL:	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
REPRESENTANTE DA ENTIDADE E CARGO:	
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

### 2. DATOS DEPORTIVOS:

DISCIPLINA DEPORTIVA:	
EQUIPO DE REFERENCIA:	CATEGORÍA DO EQUIPO DE REFERENCIA:
NIVEL DE FORMACIÓN DOS TÉCNICOS E ADESTRADORES: ..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... .....	
FEDERACIÓN DEPORTIVA A QUE PERTENCE:	TELÉFONO:
	CORREO ELECTRONICO:
INSTALACIÓN DE USO HABITUAL:	

Declaro que: - A Entidade que represento reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria. - Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. - Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.	
LUGAR E DATA:	CUÑO E SINATURA:
En.....a.....de.....de 2024.	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
 Código seguro de verificación: FXCG3721M9TP410



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

## ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE (Deportista individual)

### 1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE:	
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRONICO:

### 2. DATOS DEPORTIVOS:

DISCIPLINA DEPORTIVA:	
CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA:	
CAMPIONATOS OU ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU NA TEMPADA 2023/2024 :	
1.	.....
2.	.....
3.	.....
4.	.....
5.	.....
6.	.....
7.	.....
8.	.....
9.	.....
10.	.....
FEDERACIÓN DEPORTIVA A QUE PERTENCE:	TELÉFONO:
	CORREO ELECTRONICO:

**Declaro que:**

- A Entidade que represento reúne todos e cada un dos requisitos da convocatoria.
- Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.

LUGAR E DATA:

SINATURA:

En .....a.....de .....do 2024.



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

## ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE (Solicitud)

❖ SOLICITANTE:.....

### BAIXO RESPONSABILIDADE DECLARO:

Que o Club ou o Deportista :.....

a) Que non está incurso en ningún suposto de prohibición ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións.

NON solicitou NIN recibiu ningunha outra axuda ou subvención pública ou privada para a mesma finalidade.

Si ten Solicitado e/ou Concedidas outras axudas e subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Autorizo a comprobación de datos nos Boletíns Oficiais doutras administracións.

Relación de axudas solicitadas		euros
		euros
		euros
Relación de axudas concedidas		euros
		euros
		euros

E para que así conste perante o Concello da Estrada, ós efectos da subvención a conceder por esta institución, suscribo a presente, en .....a ..... de .....de 2024.

Asdo:

(Nome, apelidos, cargo, cuño e sinatura)



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

## ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE (Xustificación)

.....presidente/a da entidade.....  
en relación ao expediente ..... que se tramita para a xustificación da subvención  
.....

### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- a) Que os documentos contables relacionados na presente declaración responsable foron aplicados á actividade subvencionada.
- b) Que a entidade asume o compromiso de non utilizar os documentos que relaciona na presente declaración para xustificar ningunha outra subvención.
- c) Que para a xustificación da subvención ..... se imputan os documentos contables que figuran no Anexo III.2 da conta xustificativa seguinte:

### TÁBOA:

Proveedor	Tipo	Número	Data	Importe total	Importe imputado

**Asdo**

(Nome, apelidos, cargo, cuño e sinatura)





Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

## ANEXO IV.1 (Xustificación-Declaración)

❖ SOLICITANTE:.....

### BAIXO RESPONSABILIDADE DECLARO:

Que o Club Ou o Deportista :.....

a) Baixo responsabilidade declaro que a subvención se destinou para a realización dos fins para os que foi concedida.

NON solicitou NIN recibiu ningunha outra axuda ou subvención pública ou privada para a mesma finalidade.

Si ten Solicitado e/ou Concedidas outras axudas e subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Autorizo a comprobación de datos nos Boletíns Oficiais doutras administracións.

Relación de axudas solicitadas		euros
		euros
		euros
Relación de axudas concedidas		euros
		euros
		euros

E para que así conste perante o Concello da Estrada, ós efectos da subvención a conceder por esta institución, suscribo a presente, en .....a.....de .....de 2024.

Asdo:

(Nome, apelidos, cargo, cuño e sinatura)



Martes, 11 de xuño de 2024

Núm. 113

## ANEXO IV.2 (Memoria e relación de gastos e ingresos)

❖ SOLICITANTE:.....

### BAIXO RESPONSABILIDADE DECLARO:

Obxectivo acadado con esta subvención:.....

### RELACIÓN DE GASTOS E INGRESOS:

#### A) GASTOS

CONCEPTOS	FACTURAS (número, data)	IMPORTE

TOTAL:

#### B) INGRESOS

CONCEPTOS	IMPORTE

TOTAL:

E para que así conste perante o Concello da Estrada, ós efectos da subvención a conceder por esta institución, suscribo a presente, en .....a.....de .....de 2024.

Asdo:

(Nome, apelidos, cargo, coño e sinatura)

